

A DIMENSIÓN RELIXIOSA POPULAR DO SAN BERNABÉ EN MEILÁN (RIOTORTO) E NOUTRAS COMARCAS LIMÍTROFES

Publicado nas VI Xornadas da Historia de Riotorto (Lugo). Asociación Arrincadeira de Riotorto.

AUTOR: XOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. ALGÚNS TRAZOS SOBRE A EXPRESIÓN “DEVOCIÓN POPULAR”

Trátase dun termo complexo, confuso e mesmo ambiguo. Así estase a falar continuamente de “catolicismo popular”, de “religión popular”, de “piedade popular”, de “fe popular”, de “relixiosidade popular” etc. Todo isto



motiva que sexa difícil definir a relixiosidade do pobo xa que, segundo manifesta P.Toschi- é todo un mundo de sentimentos, vivencias, ritos, expresións prácticas...¹. A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten as súas peculiaridades. Cada comunidade mostra a súa maneira de vivir a fe e de manifestala. Polo tanto, este tipo de relixiosidade vai ligado a elementos folclóricos e populares en canto que son manifestacións da identidade dun grupo. Así, Dionisio Borobio, mencionaba que unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e expresa o seu sentir ². É parte da cultura, dun xeito de pensar e de vivir. En consecuencia para analizala cómpre ter en conta o pasado, é dicir cómo viviron o cristianismo, que é o que herdaron dos séculos pasados. É popular, consonte refire Álvarez Gastón, “ *lo que el pueblo crea; también lo que recibe, asimila y hace propio, como por*

FACHADA DA CAPELA DO S. BERNABÉ (MEILÁN)

*ejemplo la religiosidad recibida a traves de devocionarios, misioneros...”*³. Desta maneira a relixiosidade popular está composta de diversas capas históricas, que proveñen das diferentes etapas dunha evolución multimilenaria. Isto levanos a percibir como a relixión de cada comunidade representa un testimonio de conciencia colectiva, a afirmación expresa de identidade e dignidade. É como unha memoria colectiva, unha conciencia de grupo, unha esperanza en común.

Por outra banda o fenómeno relixioso popular tenta dar solución as necesidades non satisfeitas polo sistema relixioso oficial; polo tanto fronte á linguaxe conceptual do sistema oficial, que é inintelixible para a xente sinxela do común, a relixiosidade popular tende de cara outras linguaxes baseadas na sensibilidade e na imaxinación. “ *Los fundamentos teológicos de un sistema religioso resultan bastante complejos para la gente vulgar a causa del lenguaje conceptual en que están formulados...de ahí que esten en contacto con la plástica simbólica*” ⁴. Como produto da sensibilidade proxectámonos de cara ao singular, concreto, e tanxible; isto está reflectido nas imaxes, símbolos de entidades sacras. Como produto da imaxinación proliferan as narracións e lendas, que son instrumentos de transmisión oral de diferentes eventos relixiosos.

1

TOSCHI, P.: “*Guida allo Studio delle tradizioni popolari*”. Serie di Antropología, etnología e religione. Boringheri. Torino, 1974, páx. 24..

² BOROBIO, Dionisio.: “*Religiosidad popular en la renovación litúrgica. Criterios para unha valoración*”. Phasen 89, Barcelona, 1975, páx. 347.

³ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La Religiosidad popular*. Cuadernos B.A.C. , Madrid, 1981, páx. 18.

⁴ BASURKO, Xavier.: “ Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P. Vasco. Vitoria, 1982, páx.307.

Estes novos xeitos de percepción do sagrado están máis pretos do corazón que do entendemento. Polo tanto a relixiosidade popular manifestase máis como a expresión daqueles que sinten e ven que daqueles que saben e coñecen.

Finalmente a relixiosidade popular amosa un estilo determinado de relacións co



sagrado, fundamentadas nunha postura pragmática. Dende sempre a vida económica do campesiño dependeu en gran medida do azar. Esta inseguridade, esta dependencia de factores externos non controlables – treboadas, xeadas, doenzas humanas e do gando- posibilitou que o ser humano buscase a axuda de poderes sobrenaturais. En consecuencia, esta

PARTE POSTERIOR DA CAPELA

relixiosidade basease en boa medida nun mutuo intercambio de favores materiais: boas colleitas, saúde, a cambio dunha serie de rituais e ofrendas; éstas podían ser realizadas cando se levaba a cabo a petición (*cumprimento “a priori”*) ou despois de ser concedida (*cumprimento “a posteriori”*).

II. O SANTUARIO DO SAN BERNABÉ DE MEILÁN (RIOTORTO)

1. INTRODUCCIÓN.

Unha das manifestacións básicas da relixiosidade popular radica nos Santuarios. Estes distínguense pola devoción da xente e non por unha característica histórica ou artística ligada ao edificio ou institución. Os santuarios adquiriron unha devoción popular cando as súas imaxes sacras se manifestaron propiciatorias perante moitas peticións. “ *Un santuario se distingue por la devoción de la gente y no por una característica histórica o artística inherente al edificio o institución*”⁵. “ *El santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito*



superior al local”⁶. Ademais do carácter benefactor das diferentes imaxes sacras, os santuarios caracterízanse tamén por outra serie de peculiaridades: o influxo social que exercen; o carácter terapéutico e ritual dalgúns elementos naturais

INTERIOR DA CAPELA DO S. BERNABÉ (MEILÁN)

vinculados a estes recintos sacros, como a auga da fonte, a terra, certas árbores...; a súa dimensión festiva e profana. Por outra banda, o pensador galego *Xosé Antón Míguez* cando fai unha análise global dos santuarios fai alusión a unha serie de trazos: a vivencia do social vencellado a uns lugares e obxectos concretos; o predominio da emoción sobre a racionalidade; a cosmovisión estática e non histórica; o carácter popular pouco institucionalizado⁷.

2. TRAZOS ARTÍSTICOS.

Na súa orixe, é unha capela medieval do século XII, que foi reedificada varias veces. Posúe unha nave cunha teitume de madeira a dúas vertentes; unha capela maior cunha cuberta tamén de madeira; e unha sancristía na parte posterior. A fachada

⁵ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr.: “De los Santos a María. Panorama de la devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días”, en *Temas de Antropología española*. Ed. de Carmelo Lisón Tolosana. Akal, 1976, páx. 86.

⁶ CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago: Archidiócesis de Santiago, 1982, páx. 6.

⁷ MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón.: “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol*. Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol y Publicaciones de Caixa Galicia, t.2, páx. 248.

presenta unha porta cun arco de medio punto e unha inscrición na clave na que se le: INRI + MC ⁸. Así mesmo, no muro esquerdo da nave mostra unha porta lateral cun dintel de pedra e unha cruz gravada no mesmo. A súa estrutura orixinal está moi cambiada, amosando varios elementos alleos: muros de ladrillo; arco de hormigón, que soporta o anterior de pedra; e columnas do mesmo material nos laterais da fachada. O seu pavimento está formado por grandes losas de pizarra. No seu interior hai un relevante retablo rococó do século XVIII, formado por dous andares, tres rúas e un medallón do Espírito Santo no seu remate.

Por outra banda cómpre distinguir unha serie de talles de madeira: dúas do San Bernabé – unha delas do século XVIII; dous do San Roque; dúas do San Xosé; unha



Virxe do século XVI co Neno na man; e unha imaxe románica da Virxe, do século XII, sedente, e co Neno na man esquerda, que ademais da súa man dereita mostra varias mutilacións ⁹.

Por outra banda, na freguesía de Santa Marta de Meilán, hai outras capelas:

Capela do cemiterio de Santa Marta. Amosa no seu interior un

IMAXES DO S. BERNABÉ, S. ROQUE E A INMACULADA

retablo renacentista popular do século XVII, con catro tallas policromadas, que simbolizan aos evangelistas.

Capela de Santalla. Fundada no século XV., mais moi reconstruída O seu interior mostra un retablo barroco con columnas salomónicas. Tallas de San Xoán Bautista; San Bartolo, de estilo barroco; e San Alberte, do século XVI; ademais, unha pequena talla de Santa Olaia, de bicar.

Por outra banda, é mester sinalar que o día 13 de febreiro, festividade de Santa Olaia, algúns fregueses íanse lavar “a fonte de Santa Olaia” que, segundo a tradición, tiña propiedades curativas para as doenzas da pel, como a psoriasis, caída do pelo etc.

⁸ SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura, t. IV, Madrid, 1980, páx. 115.

⁹ SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: *Ob.cit.*, páx. 115.

Na actualidade, aínda hai fregueses que seguen realizando o ritual a primeiras horas da mañá ¹⁰.

Capela de San Pedro Fiz de Chapín. Estructura moi restaurada. Presenta un retablo popular coas tallas de San Pedro e San Antón; tamén unha pequena talla de San Pedro, de bicar.

Capela de San Antón da Ferrería. Fundada no século XVII polo marqués de Bendaña. Trátase dun pequeno edificio de planta rectangular, muros de pedra e cuberta de pizarra a dúas augas. No seu interior conserva un lenzo barroco da Inmaculada Concepción, do século XVII e varias tallas: Santa Catarina, San Pedro, San Antón, a Virxe de Fátima e unha Virxe gótica do século XV. Os veciños ofrecen exvotos de cera a San Antón lacoeiro, protector dos animais e deste xeito aparecen algunhas vacas de cera ao seu carón ¹¹

Capela do San Xoán de Vilaseca. Capela de planta rectangular e cuberta a dúas augas. A súa construción,



IMAXE DO S. BERNABÉ

recente, segue modelos neogóticos na porta principal e na ventá da fachada. No seu interior hai un retablo barroco de dous corpos coas tallas da Virxe, de San Xosé e dun Santo Apóstolo ¹².

No mes de marzo hai un novenario adicado ao San Xosé, no que se cantan unhas estrofas populares na honra do Santo.

Ademais destas capelas a freguesía posúe unha igrexa, construída no ano 1954, que amosa unha nave cuberta a dúas augas, un cruceiro e sancristía. O seu interior conserva un retablo barroco, de finais do século XVIII, con dous corpos policromados e catro columnas salomónicas. Son interesantes as tallas de Santa Marta, con aurelola de prata, cetro nunha man e un dragón ao seus pés; San Pedro Apóstolo vestido de pontifical, sedente e cunha coroa papal; San Xoán Bautista e San Román Nonato, cunha custodia e unha palma nas mans. Na parte dereita do cruceiro hai un retablo moderno cunha talla

¹⁰ Información aportada por Pedro Navallos.

¹¹ VARELA AENLLE, Carlos Xesús.: **Riotorto. Guía do Concello**, Lugo: Servicio de Publicaciones Diputación Provincial, 2003, páx. 70.

¹² SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: **Inventario Artístico de Lugo y su provincia**, Madrid: Ministerio de Cultura, t. IV, Madrid, 1980, páxs. 115 e 116.

da Virxe das Candelas do século XVIII e un San Matías cun coitelo nunha man e un libro na outra. Na parte esquerda hai un retablo popular de dous corpos. Este templo dispón ademais dunha cruz procesional de prata do ano 1600 e dunha naveta tamén de prata do século XVII ¹³.

Así mesmo, preto da casa rectoral hai un cruceiro de granito do século XIX, que nunha orde ascendente amosa os seguintes corpos:

Unha plataforma de formigón, que serve de sostén a unha base monolítica de dous tramos: o primeiro de forma paralelepípeda e o segundo troncopiramidal.

A base se prolonga nun fuste monolítico de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto. Esta ornamentado cos instrumentos da paixón, que están esculpidos na cara Sw., ; a súa disposición nunha orde descendente é a seguinte: dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos; tamén está ornado no extremo superior das súas caras, onde hai un rebaixe romboidal e outro no seu interior con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior.

O fuste serve de apoio a un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado cunhas volutas nos vértices superiores e cabezas de querubíns.

Finalmente, esta expresión relixiosa, remata nunca cruz de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto, que amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos transversais e na cabeceira do eixo perpendicular. O anverso conserva, baixo unha cartela (INRI), unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que aparece inclinada ao lado dereito; a súa boca e os seus ollos están abertos; os brazos están extendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, costas e pernas; as mans aparecen abertas; o seu perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente fleccioandas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo.

Esta mostra da devoción popular conserva restos de policromía de cor vermella no capitel ao carón dos querubís e de cor azul no fuste. Cando chega o tempo do San Xoán poñenlle flores ao carón da base e no fuste. Finalmente, neste cruceiro apreciamos unha clara influencia dos canteiros Carboeiras de Román (Vilalba) ¹⁴.

¹³ RIELO CARBALLO, Nicanor.: “ Meilán, Santa Marta de ”, en *G.E.G. (Gran Enciclopedia Galega)*, T. 20, páx. 223.

¹⁴ SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: “ Lembrando á historia. Algunha presenza dos cruceiros, cristos, cruces, esmoleiros, calvarios, vía crucis...no concello de Riotorto”, en *III Xonadas da Historia de Riotorto*. Asociación Cultural Arrincadeira, Deputación de Lugo, Cultura e Turismo, 2013, páx. 29.

Tamén VARELA AENLLE, Carlos Xesús.: *Ob. cit.*, páx. 67.

3. LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO

Dende unha óptica eclesiástica o Santuario do San Bernabé está situado no lugar de Espasande de Arriba, pertencente á freguesía de Santa Marta de Meilán, integrada no arciprestado de Miranda, e na diócese de Mondoñedo-O Ferrol. A efectos civís, forma parte da parroquia de Santa Marta de Meilán, e do concello lucense de Riotorto.

Segundo Pascual Madoz, Santa Marta de Meilán “ *e unha feligresía en la provincia de Lugo y partido judicial de Mondoñedo, y ayuntamiento de Riotorto. Situación en parage desigual, con buena ventilación e Clima templado y sano: cuenta 868 casas de pocas comodidades que constituyen los l. de Buligueira, Castro, Chapín, Espasande, Grandal, Herrería, Lamas, Muiñobedro, Santalla, Torre de Meilán, Villar de Meilán, Villar de Santiago y Villasexa. La iglesia parroquial (Santa Marta) es matriz de*



IMAXES DE “BICAR O SANTO” DO S. BERNABÉ E S. ROQUE.

San Lorenzo de Mojoeira; su curato de segundo ascenso y patronato real ordinario tiene 5 ermitas y 1 cementerio, que, aunque reducido, en nada perjudica a la salud pública. El Térm. Confina por el Norte con Santa María Mayor; por E. con San Pedro de Riotorto; por el Sur con San Pedro de Aldurfe y San Julián de Ferréirabella y por O. con Santa María de Bretona, atendiéndose de N. á S. 1 leguas y ½ de Este á Oeste. El Terreno es de mediana calidad; se cultivan 3.150 fanegas de tierra, se hallan incultas 8.400 destinadas a leña, broza y pasto...Los caminos vecinales y poco cuidados, y el Correo se recibe por Mondoñedo. Prod.: trigo, centeno, maíz, patatas, castañas y lino; cria ganado vacuno, caballar, lanar, cabrio y de cerda...El comercio

*se reduce á la venta de algún ganado y al sobrante de sus cosechas. Pobl.: 268 vec, 1.357 almas...”*¹⁵.

Por outra banda, Riotorto é un concello regresivo a nivel de poboación. Así, a principios do século XX o número de habitantes era de 4.750 cun descenso paulatino ata o ano 1950, no que había 4.026 hab.¹⁶. Logo foise reducindo, debido á emigración, ata 1.726 habitantes no ano 2005, ata chegar ao ano 2015¹⁷ con 1364 hab. Pois ben, esta diminución quedou tamén reflectida na parroquia de Santa Marta de Meilán onde no ano 2005 había unha poboación de 430 hab., que ocupaba unha extensión de 15, 42 km²; logo, no ano 2007, 378 hab., e finalmente no ano 2016, 282 hab. Esta poboación estaba distribuída nas entidades de A Abelleira, A Asnela, A Azoreira, A Buliqueira, O Carballoesfolado, A Casavella, O Castro, Chapín, Cima de Vila de Espasande ou Espasande de Arriba, Cima de Vila de Santalla ou Santallan, A Ferrería,



ESTANDARTE DA INMACULADA

O Grandal, Lamas, O Machín, Muíñovedro, A Pena do Couso, O Piñeiro, A Rúa, Santa Marta, A Torre, A Veiga Longa, O Vilar de Meilán e Vilaseca.

A economía desta parroquia baséase no sector agropecuario e nos recursos forestais. A súa paisaxe sufriu un proceso de cambio posibilitado pola acción do home no medio natural, que deu lugar á creación de pradeiras e pastizais; esta acción viuse favorecida polo desenvolvemento dun proceso de concentración parcelaria; tamén pola superficie forestal que vai en aumento debido ao paseniño abandono das labores agrícolas gandeiras por parte dos veciños do lugar¹⁸.

A nivel histórico, esta parroquia estivo relacionada coa sé de Britonia, constituída no século V, desde os seus inicios. Existe un camiño, que se nomea a “Ruta dos monxes celtas”, que partindo dende Bretoña – capital desta sé- vai ata o linde con Santalla e

¹⁵ MADOZ, Pascual.: *Diccionario Geográfico y Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo XI. Madrid, 1848, páx. 23.

¹⁶ EQUIPO “IR INDO”. GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLEDA, Ángel e outros. *Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira*, nº 25, Vigo: Ir Indo, 2005, páx. 142.

¹⁷ Atendendo ao I.G.E. (Instituto Galego de Estadística), é a última información que temos a nivel demográfico.

¹⁸ GONZÁLEZ PAZ, Carlos Andres.: “ El Castillo de Peñafior (Riotorto-Lugo). Iglesia y Nobleza en la Mariña Lucense a finales de la Edad Media”, en *BMP (Boletín do Museo Provincial de Lugo)*, Lugo, 2003, páx. 21.

Vilaseca, proseguindo logo ata o mar; moi probablemente esta ruta foi a via, que seguiron os bretóns ata chegaren ao seu destino ¹⁹. Na época medieval estas terras estiveron ligadas ao bispado de Mondoñedo. Así, a comezos do século XVI o mariscal Alvaro González Ribadeneira e a súa muller Maria de Bolaño²⁰ – e, logo os seus fillos – sostiveron un litixio co bispo de Mondoñedo sobre o coto de Riotorto ao que pertencían as terras, que formaban parte da freguesia de Santa Marta de Meilán ²¹. O litixio foi favorable a sé mindoniense. Posteriormente, nos séculos XVI e XVII. houbo un importante desenvolvemento da actividade mineira e, tamén, das ferrerías e dos mazos. No lugar de Vilaseca (Meilán), houbo dende finais do século XVI unha importante ferrería ²². Logo, no século XVIII, adquiriron gran relevancia os foros o que deu lugar a aparición dos fidalgos, sendo de gran sona polo que respecta ao concello de Riotorto e máis concretamente á freguesia de Santa Marta de Meilán o nome de D. Pedro Trilles. A mediados deste mesmo século os dezmos dos cregos correspondentes ás parroquias de Ferreiravella, Meilán, Riotorto e Rececende (A Pontenova) importaban 424 ferrados de centeo, 448 de millo, 12 de millo miúdo e 45 de castañas ²³. A principios do século XIX, durante a guerra da Independencia, cómpre sinalar as loitas que mantiveron os españois e franceses en Santa Marta de Meilán e no monte Carracedo ²⁴. Por outra banda, mentres as freguesías de Aldurfe, Meilán e Riotorto formaban parte da xurisdicción de Riotorto ²⁵, as restantes pertencían aos cotos redondos de Ferreiravella, Moexeira e Orrea. Logo, transcurrido certo tempo, formaronse na antiga provincia de Mondoñedo dous concellos – Orrea e Riotorto-, que pasaron a pertencer á provincia de Lugo no ano 1822, cando deixou de ter vixencia a provincia mindoniense ²⁶. Finalmente, ámbolos dous concellos fusionaronse no ano 1840, dando lugar ao concello actual.

A nivel cultural e dende unha perspectiva artística e civil é mester distinguir a **Torre do Moro** ²⁷, que está emprazada preto da igrexa parroquial. Trátase dunha obra de finais

¹⁹ VARELA AENLLE, Carlos Xesús.: *Ob. cit.*, páx. 48.

²⁰ María de Bolaño era dona da torre e herdades de Santa Marta de Meilán e do cuarto do Vilar e demais herdades de Meilán co seu caserío.

²¹ RIELO CARBALLO, Nicanor.: “ Meilán, Santa Marta de ”, en *G.E.G. (Gran Enciclopedia Galega)*, T. 20, páx. 223.

²² ABRAIRA PÉREZ, Miguel.: *Historia dos mazos de Riotorto: píntese e novos datos*, Riotorto: Asociación Cultural Arrincadeira, Deputación de Lugo, 2013, páx. 87.

²³ VARELA AENLLE, Carlos Xesús.: *Ob. cit.*, páx. 54..

²⁴ EQUIPO “IR INDO”. GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLEDA, Ángel e outros. *Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira*, nº 25, Vigo: Ir Indo, 2005, páx. 143.

²⁵ Xa no século XV formaban parte da xurisdicción de Riotorto.

²⁶ ROMÁN DÍAZ, Berta.: “ Riotorto”, en *Galicia, pueblo a pueblo*, La Voz de Galicia, Xunta de Galicia, A Coruña, 1993, páx. 1237.

²⁷ Foi residencia do marqués de Bendaña e a súa familia.

do medievo, que se caracteriza por unha planta rectangular; a porta da torre remata nun arco oxival, conservando ademais un relevante tímpano; así mesmo nun dos ventanais hai outro arco oxival, sen embargo os demais foron fornecidos co paso do tempo cunha falsa bóveda. Sobre este monumento hai varias lendas ligadas ao habitat da torre. Unha delas atestigua que no interior da construción se oculta un pozo que ten os tesouros do dono da fortaleza. Pois ben, a lenda segue facendo alusión a que a persoa que os atope ía procurar a resurrección do dono ²⁸. Tamén cómpre destacar a *“Casa brasonada de Elías en Santa Marta”*²⁹. Mostra un escudo cuarteado, ben conservado; no primeiro cuartel aparece un castelo cunha porta e tres torres, sendo a do centro máis alta que as laterais; no segundo, hai tres árbores; no terceiro, tres roeis; e na habitación unha estrela invertida de cinco puntas cunha especie de lúa por riba. Coroa este escudo un anxo coas alas estendidas. A casa posúe unha inscrición na que se lee: “CASA CONSTRUIDA / A



ESPENSAS DEL B. / DON ANTONIO MEN / DEZ TEIJEIRO Y MO / NTENEGRO EN 1840”/. Nesta parroquia hai ademais a *“Casa de García en A Buliqueira”*,³⁰ que conserva un escudo no marco superior dunha das ventás da fachada; este contén cinco cunchas de viera arredor dunha gran cruz central. Finalmente, foi importante o castelo de Peñaflo, do que únicamente hai restos ³¹.

4. TRADICIÓN E HISTORIA.

Inicialmente a capela estivo ligada a San Roque. A tradición dinos que acudían a capela fregueses, pertencentes a diferentes lugares da parroquia de Meilán, e doutras limítrofes con “rogatorias” ou “ladaiñas” na

ABELARDO TOJAL, DA “CASA DE XOANA”

²⁸ RIELO CARBALLO, Nicanor.: “Meilán, Santa Marta de”, en *G.E.G. (Gran Enciclopedia Galega)*, T. 20, páx. 223.

²⁹ VARELA AENLLE, Carlos Xesús.: *Ob. cit.*, páx. 68.

³⁰ www.concello.de.riortorto.gal/es/content/riortorto.

³¹ É moi importante o estudo que fai Carlos Andrés Glez. Paz, sobre este castelo. “El castillo de Peñaflo / Riortorto-Lugo: Iglesia y Nobleza en la Marina Lucense a finales de la E. Media”.

honra do San Roque. Isto quedou reflectido dalgún xeito nunha costa que leva actualmente o nome de “ladaiña”, e que une o lugar de Espasande de Arriba con Bretoña.

Tendo en conta que o San Roque, foi un santo avogoso pra erradicar as pestes ³² e outras epidemias podemos establecer como hipótese a idea de que as “ladaiñas” que lle cantaban os fregueses ao San Roque estaban ligadas coa intercesión ao Santo na expulsión dalgunha peste da comunidade parroquial e mesmo do concello.

Posteriormente, incorporouse a imaxe do San Bernabé a capela. Tanto esta festividade como a do San Roque eran organizadas dende hai moitos anos pola “Casa de Xoana”. Segundo *Irene Tojal*, pertencente á devandita casa, “ ***Tanto o seu avó, Antonio Tojal como o seu tío avó, debido a que non tiñan sorte co gando, decidiron mercar á imaxe do San Bernabé e facerlle a festa. Dende aquela a festa fixeron sempre os da “Casa de Xoana” mais sempre contaron coa axuda dos veciños de Espasande de Arriba. Logo, “a poxa dos productos” fíxoa Manuel Tojal, tío de Irene Tojal e irmán do seu pai. Posteriormente, Euxenio Fernández (xa finado), marido de Irene Tojal, foi o encargado de realizar “a poxa”, ritual no que estivo ao fronte ata hai uns catro anos. Dalgunhas tarefas da capela, como “poñer o santo”, encargouse tamén Abelardo Tojal (xa finado), irmán de Irene Tojal*** ” . Polo tanto, sabemos dun xeito directo que a “Casa de Xoana”, interviú na organización dambalas dúas festividades dende mediados do século XIX.

Na actualidade conmemóranse ámbalas dúas festividades: a do San Bernabé, o 11 de Xuño; e a do San Roque, o 16 de Agosto. Seguen sendo organizadas pola “Casa de Xoana”, que recibe axudas preferentemente dos veciños de Espasande de Arriba. E isto é debido a que a muller de Abelardo Tojal, cunhada de Irene Tojal e residente no lugar de Espasande de Arriba (Meilán), ten dúas fillas: unha, que vive en Lugo; e outra, en Reigosa (A Pastoriza). De aí, que haxa unha nova semente para seguir cunha tradición fermosa.

5. DATOS BIOGRÁFICOS DO SANTO E TERRITORIO DE GRAZA.

³² Todolos anos, o 16 de Agosto, a corporación municipal de Lugo reafirma o voto ao San Roque, acudindo a unha misa, que se oficia na capela adicada a este santo. Este voto, que se viña celebrando dende o século XVII volveuse a formalizar no XVIII, cando –segundo a tradición- este santo librou á cidade da peste do ano 1768. Este voto seguese levando a cabo en diferentes cidades como Santiago de Compostela, Ponferrada etc.

San Bernabé naceu na illa de Chipre e pertencía a unha familia levítica. Estudou na escola do ilustre rabino Gamaliel en Jerusalén, onde tivo por condiscipulos a Saulo e a Estevo. Algúns autores, como Clemente Alexandrino e Eusebio de Cesarea, supoñen que San Bernabé foi un dos 72 discípulos dos que fala o evanxeo. En calquera caso, aparece como unha figura relevante no seo da igrexa primitiva que, sen pertencer ao grupo dos doce, merece ao igual que San Pablo o título de apóstolo. No libro dos Feitos dos Apóstolos (4, 36) mencionase que Xosé, o chamado polos apóstolos Bernabé... chipriota de raza...posuía un campo, que vendeu, entregando o seu importe aos apóstolos. Tamén, no (9, 27) San Lucas engade que foi Bernabé quen levou e presentou aos apóstolos a Pablo, antigo perseguidor da igrexa e, logo, gran converso ³³ Ambos os dous colaboraron conxuntamente na organización da comunidade de Antioquia e na predicación aos xentíes, percorrendo o Asia Menor. En Listra recibíronnos como grandes persoeiros mais, logo, expulsáronos da cidade, lapidándoos ata deixalos por mortos. Tempo despois separáronse entre si e Bernabé acompañado polo seu curmán Marcos, emprenderon novas rutas apostólicas para rematar a súa vida en Salamina, a capital de Chipre, onde morreu martirizado polos xudeus en torno aos anos 53 ao 57³⁴ O seu corpo foi atopado no 458, levando no peito o evanxeo de San Mateo que, xunto coas pedras da lapidación, constitúen os atributos da súa iconografía.

No santuario do San Bernabé de Meilán, hai dúas imaxes do San Bernabé: a pequena, coa que se “pon o santo”, está representada iconograficamente con barba e cun libro na súa man esquerda, simbolización do evanxeo de San Mateo; a grande, que é a que sae na procesión, leva a palma do martirio na súa man dereita, e un libro, simbolización do evanxeo de San Mateo na esquerda.

En Castrillón (O Corgo) encontramos tres tallas do San Bernabé: unha pequena, de bicar o santo, que amosa barba; un libro, representación do evanxeo do San Mateo, na súa man esquerda, e un bastón na man dereita. Unha mediana, que mostra barba e un libro – evanxeo do San Mateo- na súa man esquerda. Finalmente, a máis grande, que é a que sae na procesión, presenta barba, unha palma do martirio na súa man dereita, e dúas pedras – símbolo da súa lapidación- na man esquerda.

En Martín (Baleira) hai catro tallas do San Bernabé. Tres pequenas: unha delas, se utiliza para “poñer o santo”; as outras dous, están colocadas por riba dunha repisa de

³³ GUERRA MOSQUERA, Jesús.: *El Coro de la Catedral de Lugo. Su santoral e iconografía*, Lugo: Diputación Provincial, 2001, páx. 81.

³⁴ GUERRA MOSQUERA, Jesús.: *Ob. cit.*, páx. 81.

madeira, que está apoiada no muro lateral dereito. Estas tres tallas pequenas mostran a mesma iconografía, reflectida na barba e nun libro- evanxeo de San Mateo- sostido coa man esquerda. Outra, de maior extensión, que é a que sae na procesión, vai vestida con bonete e capa pluvial e amosa barba e un libro na súa man esquerda – representación do evanxeo de San Mateo.

Todos os anos o día once de xuño conmemórase neste lugar a festividade do San Bernabé ³⁵. Adoitan acudir devotos non só da parroquia de Meilán, senón tamén doutras limítrofes, pertencentes aos concellos de Riotorto e de A Pastoriza ³⁶.

6. OS PEDIMENTOS

Os devotos ofrécese por si mesmos ou para acadar algunha intercesión para outras persoas, que non poden vir ao santuario normalmente por algunha doenza ou impedimento físico debido á idade.. As peticións máis usuais fanse por doenzas, tanto humanas como de animais, aínda que estas últimas son as preferenciais. Cómpre sinalar que tanto a vaca como o cocho, foron animais indispensables na economía familiar. A vaca, era un animal básico para certas labores agrícolas, agora substituídas en gran medida polo tractor. Sen embargo, na actualidade a función deste animal está canalizada cara a produción de leite. Pola súa banda, o cocho segue sendo un animal relevante xa que podemos dispor da súa carne case todo o ano. Isto da lugar a que aínda hoxe en moitos santuarios, como o que nos ocupa, unha das peticións máis comúns esté ligada coas doenzas destes animais e, tamén, coa súa protección.

7. AS PROMESAS OFRECIDAS AO SAN BERNABÉ

Con todo, a petición vai ligada ao cumprimento dunha promesa. Esta consiste nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus, a través de Cristo ou dunha serie de intercesores ou mediadores como son as diferentes advocacións da Virxe e os santos. Neste caso concreto referímonos ao San Bernabé. Agora ben, podemos distinguir tres tipos de relación entre os devotos e a entidade sagrada:

³⁵ Esta festividade sempre se celebrou o día 11 de Xuño, non importando o día da semana no que caese.

³⁶ De Bretoña viñan moitos devotos. Na actualidade, aínda seguen acudindo algúns fieis.

1. Relación condicional, é dicir primeiramente a divindade simbolizada por Cristo, a Virxe e os santos concede a petición ó devoto e logo este leva a cabo a promesa; trátase dun cumprimento "a posteriori". A este tipo de relación dáselle os nomes de **"Ofrenda condicionada"**³⁷ e **"Petición Condicional"**³⁸.

2. Algúns devotos veñen solicitar, suplicantes, a mediación de Cristo, da Virxe ou dos santos ante calquera problema cumprindo unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso os distintos rituais e ofrendas que os devotos realizan teñen lugar denantes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de relación recibe os nomes de **"Ofrenda propiciatoria"**³⁹ e **"Devoción peticionaria"**⁴⁰.

3. Finalmente hai devotos que veñen tódolos anos por algunha petición concedida pola divindade noutrora. A este tipo de relación dáselle o nome de **"Ofrenda de acción de gracias"**⁴¹.

A promesa a divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente no que algúen fai algo a cambio dunha posterior axuda cando chegue o momento axeitado. **"Cando o campesino mercantiliza as súas relacións relixiosas...o que tenta é traducilas a unha dialéctica coñecida, que lle proporciona dúas vantaxes fundamentais: a comprensión pragmática dunha interacción, de por si misteriosa, entre o natural e o sobrenatural, e unha certa seguridade ou dereito emanante da reciprocidade co intermediario"**⁴².

7.1. OS RITUAIS

³⁷GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 154.

³⁸ WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

³⁹ GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 155

⁴⁰ WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

⁴¹ GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 155

⁴² GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 153

O ser humano encóntrase suxeito a unha gran cantidade de perigos. Por tal motivo leva a cabo unha serie de rituais, xa que está convencido da súa eficacia e de que é posible vincular a súa acción a un sentido valioso para a súa vida persoal. Desde sempre o ser humano, por causa da súa fragilidade, debeu realizar rituais e ofrendas coa finalidade de que os deuses e espíritos sentasen compasión e fosen propiciatorios. *Hocart* puxo de manifesto que a función do ritual é dobre: por unha banda un obxectivo inmediato e preciso como acadar boas colleitas e por outra un obxectivo máis xeral ao que lle o nome de “saúde”, xa que o ritual é a expresión do interese do home porla vida ⁴³. Pola súa banda, *Arnold M. Rose* sinala que os rituais distínguense polos seguintes elementos:

- 1º. Posúen unha regularidade e periodicidade ao estar ligados con certas festas.
- 2º. Teñen un sentido para un certo número de persoas.
- 3º. Adoitan presentarse dun xeito dramático.
- 4º. Producen “consensus” de sentimentos mediante unha experiencia participativa ⁴⁴.

7.1.1. RITUAIS PROPIOS DUNHA “LITURXIA OFICIAL”

A. A CELEBRACIÓN DE MISAS.

Na actualidade o párroco de Santa Marta de Meilán, D. Antonio Rúa, oficia dúas misas: unha as 10 da mañá e outra as 13, 30. Nesta última hai máis afluencia de devotos que na primeira.

B. RITUAL DA PROCESIÓN.

Ao rematar a misa solemne, levouse a



DEVOTOS AGARDANDO A MISA SOLEMNE

⁴³ ANTHROPOLOGICA. Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6. Ed. Daimon. Barcelona. 1977, páx.99.

⁴⁴ *Ibidem*, páx. 99.

cabo a procesión, que percorreu o perímetro do santuario . Nalgúns recintos sagrados de Quiroga ⁴⁵, Pantón ⁴⁶ , Sober ... a procesión lévase a cabo antes da celebración da misa solemne.

Na procesión interviron os seguintes elementos:

1º. A cruz parroquial levada un fregués da comunidade parroquial.

2º. O estandarte da Inmaculada, levado por unha freguesa da comunidade parroquial; esta vai acompañada por un rapaz e dúas rapazas da freguesía, que levan os cordos dourados, que penden do brazo transversal do estandarte.

2º. A advocación mariana da Inmaculada, portada nas andas por catro freguesas da comunidade parroquial de Santa Marta de Meilán..

3º. A imaxe do San Roque, levada por catro devotos da freguesía.

4º. A imaxe do San Bernabé, levada tamén por catro fieis da comunidade parroquial.

5º. O párroco de Santa Marta de Meilán, que foi o encargado de oficiar a misa.

6º. Algúns músicos da orquestra contratada para a festa profana.



7º. Os asistentes ao ritual colocados sen distinción de idade e sexo.

A procesión é un ritual relixioso que ten como finalidade expresar pública e colectivamente un culto, un diálogo coa divindade correspondente. Deste xeito, as imaxes, que saen na mesma, santifican o espazo que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a tódolos seres, tanto persoas como animais, que se encontran en dito espazo. *“Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico”* ⁴⁷. Segundo a

O ESTANDARTE DA INMACULADA NA PROCESIÓN.

⁴⁵ BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. “La devoción popular en el Santuario de la Ermita (Quiroga)”, en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994, páxs. 35-37.

⁴⁶ BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996, páx. 134.

⁴⁷ MARINÓ FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.* 1987, páx. 175.

disposición da procesión **Álvarez Gastón** distingue unha serie de características: “ *Se trata de manifestaciones más multitudinarias no sólo por los participantes activos, sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local es algo que llega vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración –cantos, rezos, silencio...* ”⁴⁸.

7.1.2. RITUAIS PROPIOS DUNHA “LITURXIA POPULAR”

A. O RITUAL DE VIR ANDANDO AO SANTUARIO.

Antano moitos devotos viñan ao recinto sagrado andando desde o seu lugar de orixe, como sacrificio previo denantes de entrar en contacto co sagrado. Hoxe, aínda que o máis habitual é vir en coches propios ou doutras persoas, hai algúns fieis , que seguen vindo andando por promesa desde o seu lugar de habitat.

B. O RITUAL DA CIRCUMVALACIÓN.

Ata hai uns cincuenta anos algúns devotos de San Bernabé traían moitas mulas e daban tres voltas ó redor do santuario. Tamén acudían ata hai uns vinte anos con vacas e con algún cabalo e realizaban o mesmo ritual. Na actualidade, os animais foron substituídos por representacións de cera, e así no interior do santuario encontramos corpos de cera, que simbolizan tanto a cochos como a vacas. Desta maneira, agora algúns devotos seguen acudindo ao santuario, onde asisten á misa de dez e, logo, adoitan dar tres voltas de pe ó redor da capela .Nas súas mans poden levar de ofrenda figuras de cera, que representan a animais:



⁴⁸ **ÁLVAREZ GASTÓN**, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C, 1976, páxs. 91-92.

cochos e vacas; tamén poden portar algún exvoto de cera, que simboliza ao corpo humano, enteiro ou partes do mesmo: pernas, brazos, pés. O dar voltas ao redor do santuario ten o valor dunha penetración e toma de contacto nun nivel relixioso. Na Grecia clásica tal rito facíase cun fin apotropaico e catártico⁴⁹.

C. O RITUAL DE POÑER O SANTO.

Ata o ano 2015 un fregues do lugar de Espasande de Arriba, chamado Abelardo Tojal da “Casa de Xoana”, realizaba este ritual no interior do recinto sagrado ao longo da mañá, mediodía e primeira hora da tarde. A tal efecto, cunha imaxe pequena do San Bernabé facía dúas cruces diante do devoto/a e, logo, daballa a bicar; ao mesmo tempo, recitaba a seguinte xaculatoria: *“Cristo vive, Cristo reina, Cristo te libre de mal. Amén. San Bernabé che dea a sanidad, e che quite a enfermidad, polo poder que Dios ten e da Virgen María. Amen”*

Nesta fórmula sagrada, que acabo de mencionar, pódese apreciar como o santo actúa como mediador ou intermediario diante dun ser absoluto e trancendente. *“...Para*



chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxen”⁵⁰.

Sen embargo o santo non sempre é como o define a Igrexa, xa que non é un intermediario ante Deus, senón que ten un poder primario. *“O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios”⁵¹.* Este ritual emprégase en moitos santuarios galegos. *“En moitos*

santuarios milagreiros hai o costume de “poñe-lo santo”. Van a que llo toquen os enfermos para sandar, e os sanos para que non lles dea a enfermédá. Para isto hai unha imaxe pequena do santo; o devoto ponse de xeonllos, e o sacristán, as máis das veces, colle a imaxe e dalla a beixar, e logo trázalle coela unha cruz nas costas,

⁴⁹ TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Ed. Galaxia, 1972, páxs. 156-157.

⁵⁰ MOREIRAS SANTISO, Xosé. “A relixiosidade popular no sector rural”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.

⁵¹ LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

*decindo unha oración...*⁵². Tamén se utiliza noutros pertencentes a outras rexións e espazos territoriais cunha identidade propia “*En el santuario de San Martín (Azcoitia-Guipúzcoa) durante la misa se da a besar la reliquia del santo titular*”⁵³. *En el santuario de “A Virxe do Porto” (Plasencia), tamén se da a bicar unha imaxe da Virxe*⁵⁴ Finalmente segue usándose noutras identidades nacionais fora do Estado español, nas que segue habendo un forte contido relixioso de influencia católica.. “*En muchos santuarios bretones los romeros besan las reliquias expuestas delante del coro*”⁵⁵. “*Los romeros portugueses, al terminar la misa, se agolpan para besar las imágenes del santo*”⁵⁶.

7.2. AS OFRENDAS.

Por outra banda a relixiosidade popular ademais dunha dimensión práctica ten, como dixemos anteriormente, un compoñente baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar á entidade sagrada ou para compensala polo don acadado. De aí que os devotos realicen unha serie de ofrendas ao chegaren ao santuario.

7.2.1. OFRENDAS PROPIAS DUNHA “LITURXIA OFICIAL”.

A. A OFRENDA EN METÁLICO.

Trátase dunha ofrenda, que se está facendo moi usual, en case todos os santuarios desta provincia. Lévese a cabo dos seguintes xeitos:

2.1. Os devotos, logo de poñer-lo santo, deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, que se encontra ó carón do poñente.

2.2. Un sancristán ou fregués da parroquia vai recollendo nunha bandexa ou petitorio a esmola dos devotos, que asisten á misa.

2.3. Nos petos que se atopan no interior do santuario.

7.2.2. OFRENDAS PROPIAS DUNHA “LITURXIA POPULAR”.

⁵² RISCO, Vicente: “Etnografía. Cultura Espiritual”, *en Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo. T. I, 1979, páxs.380-381.

⁵³ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 171.

⁵⁴ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 171

⁵⁵ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

⁵⁶ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

A. OS EXVOTOS.

1. CONCEPTO.

Son ofrendas que os devotos lle ofrecen ás diferentes entidades sacras como sinal dun favor recibido. Úsanse normalmente como signos e recordos, polo tanto deben colocarse nun espazo manifesto. *“As paredes de moitas ermidas i eirexas aparecen cobertas de exvotos, reprodución en cera de membros humanos (pernas, brazos, maus, corazóns, ollos), como agradecimento polo que fora curado. Barcos, mechóns de pelo, cadriños coa representación do miragre, ofertas por se ter cumprido a petición feita”*⁵⁷. As motivacións que implican a entrega de exvotos é moi variable: a curación dunha doenza humana ou animal; a protección da cabana animal; saír ileso dunha catástrofe natural, dun accidente; ter un feliz nacemento etc. *“El motivo del exvoto puede ser diverso: una curación, el regreso de una guerra, la vuelta de los emigrados, salir ileso de un accidente, un feliz nacimiento...”*⁵⁸. Por outra banda é un costume moi antigo, aparecendo xa na Prehistoria. Segundo *Taboada Chivite*, na cultura celta da Tène apareceron amuletos antropomorfos coa representación total ou parcial do corpo. Tamén os pobos mesopotámicos ofrecían as súas divinidades baixorelevos, vasos, estatuas etc. Asimesmo, son importantes os exvotos ibéricos, que comezaron a coñecerse a partir do século XVIII; estes, de



EXVOTOS IBÉRICOS

tamaño comprendido entre entre 6 e 12 cm, representan a guerreiros, xinetes, damas, animais diversos, membros amputados etc.; é mester resaltar a importante colección de

⁵⁷ TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx. 156.

⁵⁸ GARCÍA ROMÁN, Carolina y MARTÍN SORIA, María Teresa.: “Religiosidad popular: exvotos, donaciones y subastas”, en *La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías y Santuarios*. Coords. ÁLVAREZ SANTALO, C.; BUXO, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S., Anthoropos, Barcelona, 1989, páx. 335.

exvotos ibéricos, dos séculos III-II (a.d.C) que se conserva no Museo Arqueolóxico de Madrid. “ *El exvoto arranca de los tiempos más primitivos y perdura hasta nuestros días. Muchos castros que han sido cristianizados...muestran claramente un antiguo culto pagano y no sería descabellado pensar que entre los escombros del primitivo poblado se encontraran antiguos exvotos, como los de los santuarios ibéricos de*



Cautelar de Santiesteban y Collado de los Jardines, en Jaén, el de la Luz, en Murcia...” ⁵⁹. Na Grecia antiga, as persoas doentes adicaban exvotos ao deus da menciña grega Asclepio, e a outros deuses; adoitaban tratarse de reproducións –segundo o nivel social- en ouro, prata, mármore, da parte doente do corpo humano. “ *Eu teño visto no santuario de Epidauro, en Grecia, que á intemperie hai unha pedra de cantería con dúas orellas esculpidas e unha fermosa inscrición capital onde queda de manifesto que foi un devoto o que ofreceu ao deus Asclepios, o Escolapio romano, ese exvoto, que son dúas orellas para sandar do problema dos oídos*” ⁶⁰ . Nos museos

arqueolóxicos de Tesalónica e Atenas, así

como no museo da Acrópolis (Atenas) tamén hai exvotos desta índole⁶¹. Na Roma antiga sucedía o mesmo; as doacións consistían en pequenas estatuas de bronce, de mármore ou en terra cocida das partes do corpo, que sufriu a doenza. No museo do mosteiro de Montecasino, situado na rexión italiana da Campania, encontramos exvotos de diferentes materiais, predominando de tódolos xeitos os de “terracota” (terra cocida), orixinarios dos

EXVOTOS GREGOS

⁵⁹ FRAGUAS, Antonio.: Palabra “EXVOTO”, *G.E.G.* (Gran Enciclopedia Gallega).T. 11, Santiago de Compostela, 1984, páx. 60.

⁶⁰ Varios.: “Usos, abusos e outras prácticas relacionadas coas santas medicinas (mesa redonda)”. Modera: Antonio Reigosa. Participan: Rosa M. Capello e Alfonso Blanco Torrado, Trátase dunha intervención anónima desde o público, *en Amuletos e reliquias. Usos e Crenzas*, Actas da VII Xornada de Literatura de Tradición Oral, Aelg, A Coruña, 2014, páx. 48.

⁶¹ Percepción propia do autor.

santuarios itálicos ⁶². Por outra banda unha das formas de exvoto na que máis se reflicte a arte popular é a que consiste nunha pequena taboa pintada, onde se simboliza a historia do milagre; este tipo de exvoto, moi frecuente nos países latinos e hispanoamericanos, aparece asimesmo nos exvotos xaponeses chamados “Emma”.

2. TIPOLOXÍA DOS EXVOTOS.

2.1. OFRENDA EN ESPECIE.

Antano na maioría dos santuarios os devotos, levaban de ofrenda , productos do campo; productos derivados do cocho: unllas, linguas, cachuchas, lacóns; productos criados na facenda: pitas, polos...; e productos elaborados na casa: queixos, mel...Isto era debido a deficiente circulación monetaria, que existía sobre todo nos núcleos rurais.

Sen embargo, na actualidade aínda hai algúns santuarios, nos que segue habendo este costume; isto é debido en gran medida ao interese, que amosan algúns devotos por mercar productos, que estiveron en contacto coas imaxes sagradas, polo seu carácter benefactor.

Neste santuario, segue habendo “ofrenda en especie”. Algúns devotos traen productos do cocho: lacóns, dentes, cachuchas; tamén tarros de mel, queixos... Esta ofrenda é poxada ao rematar a misa das 13, 30 asistindo un bo número de fregueses e devotos do Santo. O “*ritual da poxa*” sempre estivo a cargo de *Euxenio Fernández*, fregués de Espasande de Arriba (Santa Marta de Meilán). Sen embargo, no ano 2013, debido ao seu pasamento, a poxa fíxoa un integrante da orquestra, que fora contratada pola comisión para amenizar esta festividade.



Os productos, que ofreceron algúns devotos no ano 2013 ao santo, para ser logo poxados foron os seguintes. Productos derivados do cocho: catro lacóns, tres dentes,

⁶² Percepción propia do autor.

catro cachuchas, catro paquetes de embutidos, que contiñan vinte chourizos ; outros produtos: un queixo de Castela, e oito tarros de mel.

O que realiza “ *a poxa*” fai lotes, segundo os produtos; e, logo, poxanse individualmente, comezando por un prezo de saída que pon “ o poxador”. Logo, as persoas, que participan neste ritual, van ofrecendo distintas cantidades polo produto ata que ninguén ofrece máis, acadando o produto a persoa, que fixo a última oferta. Este proceso vaise a continuar con todos os demais produtos, que se sacan “ a poxa”.

No ano 2013, a dinámica ou desenvolvemento de gran parte da “poxa” foi do seguinte xeito:

1. Producto. Un lacón.

“Comenzamos con un bonito lacón, que empezamos con 20 euros, 25, 25 (palabras do “poxador”), 27, 29, 30, 35, 45, 48, has dicho 49?, has dicho 50?, 49,49, nos quedamos en 48”.

2. Producto. Un lacón.

“Empezamos con 30 euritos, quien ha dicho 31?, 32 euros?, esa pierna de lacón, 30 euros a la una, a las dos, a las tres”.

3. Producto. Un lacón.



“Empezamos con 15 euros, 16,16, 20 por aquí, alguien dijo 21, 22, dicen 25, 30 de momento (a la una, a las dos), 32, Fina esto es tuyo.”

4. Producto. Un queixo de Castela.

“ Empezamos con 30 Euros por aquí, 32,32, 33, 35, 35, alguien dijo 38?, 35 (a la una, a las dos, a las tres).”

5. Producto. Un dente de cocho.

“Precio de salida, 15, 17, seguimos por 17, 20,20,20,20 a la una, a las dos, a las tres”.

6. Produto. Dous dentes de cocho.
EUXENIO FERNÁNDEZ, REALIZANDO “A POXA”.

“ Empezamos por 40 euros, quien ha dicho 42?, 45?, 40, a la una, a las dos, a las tres.”.

7. Produto. Lote de embutidos.

“ Han dicho 25 por aquí, 25,25,25, han dicho 30, quien puede más, 30,30,30, 35 a la una, a las dos, 40,45, 46,46,46, 50, a la una, a las dos, a las tres”.

8. Produto. Dous tarros de mel.

“ 20 euritos precio de salida, 20 para Fina, 22 para Lolo, 22 de momento, Fina has dicho algo? , 25, alguien dijo 26, 27? , queda en 25.”

9. Produto. Dous tarros de mel.

“ 20 euros de salida, 22, de momento 22,22, 23,? 24?, 22 de momento, 23, 25, 26,26, 30, a la una, a las dos, a las tres”.

2.2. OS EXVOTOS DOS OBXECTOS PERSOAIS.

Noutrora as persoas que sandaban dunha enfermidade levaban aos santuarios as muletas, os bastóns e outros obxectos, que lles foras útiles no transcurso da doenza. Estes obxectos foron desaparecendo dos centros sagrados. Sen embargo, aínda hai poucos anos había dúas muletas no Santuario de Vilaselán (Ribadeo).

Tamén hai exvotos relacionados cós ***hábitos das ordes relixiosas***. Éstes son levados por algúns devotos na procesión debido a algunha promesa realizada. Así, o hábito do Nazareno adoita ser levado por algúns ofrecidos nos Santuarios das Dores (Robra) (Outeiro de Rei) e no



Eccehomo (Rubián) (Bóveda), ben levando as andas da imaxe ou acompañandoa na procesión.

UNHAS “MORTALLAS” NO SANTUARIO DE A ERMIDA (QUIROGA)

Asimesmo, cómpre distinguir “*as mortallas*”. Trátase dunha vestimenta de cor branca, que levan algúns devotos –normalmente do xénero feminino- en cumprimento dunha promesa realizada nalgún momento determinado, no que se encontraron en grave perigo. Hai anos eran unha ofrenda usual no santuario da Virxe de Cadeiras (Sober). Hoxe esta ofrenda unicamente a realizan algunhas mulleres ofrecidas no Santuario da Virxe de A Ermida (Quiroga)

2.3. OS EXVOTOS PRAGMÁTICOS.

2.3.1. OS ADOBÍOS A ENTIDADES SACRAS.

Finalmente, hai devotos que lle ofrecen á Virxe algúns ornatos de índole persoal como proba de agradecemento por algún favor acadado. Era unha ofrenda moi habitual nos santuarios marianos aínda que non exclusiva deles. Así, podemos aludir as alfaías, xoias, mantos, pendentes...que algúns devotos, preferentemente mulleres, lle ofrecían á Virxe.

2.3.2. OS ARRANXOS E UTENSILIOS PRECISOS PARA O SANTUARIO.

Trátase dunha serie de ofrendas, que se caracterizan polo carácter utilitario, que amosan de cara ao recinto sacro. Estamonos a referir aos floreiros; candeeiros; lampadas; enlousados do chan..

2.4. OS EXVOTOS DE CERA.

2.4.1. CANDEAS E VELÓNS.



Na actualidade a ofrenda de “velóns” é a máis habitual nos santuarios lucenses. É un tipo de candeia pequena, grosa e de cor vermello, aínda que no intre actual comeza

DEVOTA OFRECENDO “UN VELÓN” AO S. BERNABÉ

habelas doutras cores como o branco, verde, amarelo. Soen mercarse na sacristía do mesmo santuario; nalgún posto de cera colocado nas inmediacións do recinto sacro, que pode estar ligado ou non a administración do santuario. En Meilán (Riotorto), algúns devotos ofrecen “velóns” ao San Bernabé, que permanecen acesos mentres se celebran os oficios relixiosos.

Nalgúns santuarios hai devotos, que ofrecen candeas da súa mesma altura. É unha ofrenda moi peculiar no Santuario dos Milagres de Saavedra (Begonte). Algúns conservan lampadarios de madeira onde os devotos colocan candeas acesas de diferentes tamaños. Sen embargo, no intre actual, comeza a haber nos santuarios lampadarios metálicos con pequenas candeas no seu interior, que son acesas polos devotos.

2.4.2. FIGURAS DE CERA.

Son obxectos artesanais, que representan ao corpo humano e a algunhas das súas partes: pernas, brazos, cabezas, mans, peitos; tamén a algúns corpos de animais: cochos, ovellas, vacas, xatos. Estes son levados aos santuarios polos devotos como testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica, que as entidades sagradas exerceron na cura dunha doenza humana ou animal; ou, tamén, para solicitar a súa protección no decurso da vida. No santuario do San Bernabé (Meilán) (Riotorto) encontramos na actualidade, un corpo humano, un brazo, cinco cochos, e seis vacas. Algúns devotos adoitan



FIGURAS DE CERA NO SAN BERNABÉ DE MEILÁN (RIOTORTO)

percorrer o perímetro da capela tres veces, levando nas súas mans algún destes exvotos, segundo o motivo da ofrenda. Estes xa se utilizaban – como vimos- nos templos da Grecia e da Roma antiga, aínda que eran de materiais diversos: ouro, prata, madeira, mármore, chumbo e arxila (terracota), dependendo do nivel económico do ofrendante. Un reflicte deste tipo de ofrenda encontrámolo no Museo de Pontevedra, onde se atopan unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania (Italia); neste santuario adicaronlle moitos exvotos aos deuses itálicos no transcurso de varios séculos; cómpre distinguir as cabezas de homes e mulleres, así como algúns animais: cochos, vacas; a maioría destas terracotas, realizadas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera. Estes aínda se seguen ofrecendo en varios santuarios da nosa provincia: A Virxe do Faro (Requeixo)(Chantada); os Milagres de Saavedra (Begonte); o San Cosme de Galgao (Abadín); o San Antón Ventureiro (A Rigueira) (Xove); o San Bernabé (Martín) (Baleira) ; a fuma de Lourdes (Viveiro) ; o Ecce Homo de Rubián (Bóveda) ...

2.5. OS EXVOTOS PICTÓRICOS.

Trátase de cadros realizados case sempre ó óleo, sobre taboa ou lenzo. Normalmente, facíanse cando unha persoa sandaba dunha doenza ou saía ileso dun accidente. Neles hai unha serie de elementos, que se dispoñen da seguinte maneira: na parte superior do cadro, amósase á Virxe rodeada de nubes; no centro, preséntase o motivo do exvoto: representación do doente nun cuarto, ben na cama ou xa curado da



SANTUARIO DE “A ERMIDA” (QUIROGA)

enfermidade; embarcación en perigo; na parte inferior, aparece a explicación (o texto) que fai alusión á persoa que o ofrece, ao motivo, data, lugar etc. Nesta provincia hai

dous santuarios nos que é mester facer referencia aos seus exvotos pictóricos. Trátase dos Santuarios da Virxe de A Ermida (Quiroga) ⁶³, e da Virxe de Vilaselán (Ribadeo)⁶⁴. A nivel galego, é mester distinguir en canto ao número de cadros conservados os Santuarios da Escravitude (A Coruña); o da Pastoriza (Arteixo) (A Coruña); o de Vilaselán (Ribadeo) (Lugo); o dos Milagres de Monte Medo (Baños de Molgas) (Ourense); o de Santa Minia de Brión (A Coruña), o de San Ourente de Entíns...⁶⁵.

2.6. AS MAQUETAS DOS BARCOS.



Estes exvotos, normalmente, non teñen ningún tipo de inscrición que permita coñecer a súa identificación, agás os máis modernos, que levan o seu número de matrícula e algunhas veces o nome. A maioría deles, foron ofrecidos por persoas que se salvaron dun naufraxio. Este tipo de exvotos encontrámolo nos Santuarios da Virxe dos Remedios (Mondoñedo) ⁶⁶, da Virxe de Conforto (A Pontenova)⁶⁷, da Virxe de Vilaselán (Ribadeo)⁶⁸.

NO FONDO DA ILUSTRACIÓN “MAQUETA DUN BARCO” (S. BERNABÉ DE MEILÁN)

Tamén, no Santuario do San Bernabé (Meilán) (Riotorto), hai unha maqueta dun barco de vapor, que está situada na parte inferior dereita do arco, que separa a nave do presbiterio, enriba dunha repisa de pedra.

2.7. OS EXVOTOS DE FOTOGRAFÍAS.



⁶³ BLANCO PRADO, José Manuel.: Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses, Lugo: Deputación Provincial, 1996, paxs. 49-51.

⁶⁴ BLANCO PRADO, José Manuel.: Ob. cit., 1996, páxs.51-53.

FUENTES ALENDE, Xosé e BOELL, Denis-Michel.: “ Exvotos Mariñeiros en Bretaña e Galicia”, “ Ex – voto Marins en Bretagne et Galice”, en Carrefour des Regions d’Euroe, Ouest Frances, 1987, páxs. 40- 44.

⁶⁵ FUENTES ALENDE, Xosé.: “Exvotos en Galicia en el Siglo XIX”, *en Galicia. Terra única. O Século XIX. Pontevedra*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Comunicación Social, Pontevedra, 1997, páx. 269.

⁶⁶ TRAPERO PARDO, José.:

⁶⁷ BLANCO PRADO, José Manuel.: Ob. cit., 1996, páx.53.

⁶⁸ BLANCO PRADO, José Manuel.: Ob. cit., 1996, páxs.53-54.

FUENTES ALENDE, Xosé e BOELL, Denis-Michel.: “ Exvotos Mariñeiros en Bretaña e Galicia”, “ Ex – voto Marins en Bretagne et Galice”, en Carrefour des Regions d’Euroe, Ouest Frances, 1987, páxs. 60.

Estes exvotos representan a persoas, que se encomendan á protección da Virxe ou piden a súa axuda nunha cuestión determinada. Este tipo de ofrenda era moi habitual no Santuario da Virxe de Vilaselán (Ribadeo) e no da Virxe do Corpiño

FOTOS DO SANTUARIO DO CORPIÑO (DIÓCESE DE LUGO)

(Lalín), onde algúns devotos aínda deixan quedar fotografías no interior dun libro de sinaturas que se encontra no altar da Virxe .Algunhas fotos levan unha inscrición polo reverso do tipo: *“para que lo protejas siempre”*...Antano, no Santuario do San Pegerto (Buciños) (Carballedo) había moita ofrenda de fotografías, pertencentes a persoas, que ían a facer ou estaban facendo o servizo militar. Non embargantes, un dos santuarios galaicos onde hai moitos exvotos de fotografías é o santuario de Santa Tegra (A Garda), onde o 23 de setembro se celebra a festividade desta santa, avogosa das doenzas da cabeza e do corazón.

2.8. OS SAN ANDRESIÑOS. SANTUARIO DO SAN ANDRÉS DE TEIXIDO (CEDEIRA, A CORUÑA. (DIÓCESE DE MONDOŃEDO) .



Trátase de exvotos, que se ofrecen ó apóstolo San André no altar do Santuario para que conceda algo. Están realizados polas mulleres de Teixido con miga de pan e pintados en vivas cores. Teñen unha variedade de formas, relacionadas coa vida do Santo, mais cada unha está provista da súa peculiaridade. Na actualidade adoitan facer alusión a 8 figuras:

REALIZANDO “ OS SAN ANDRESIÑOS”

- * A Flor. É a guía no amor.
- * A Mao. Para pedir polo amor, as boas compañías e a amizade.
- * O Peixe. Para pedir polo traballo e o sustento.
- * A Barca. Para pedir polas viaxes, a casa e os negocios.
- * O Pensamento. Para pedir polos estudos, e previr envexas e maleficios.
- * A Cruz do S. André . A escaleira para chegar ó paraíso.
- * O Santo. Pola saúde física, mental e a boa convivencia.
- * A Pomba. Símbolo da paz.

Estas figuras están consideradas como amuletos, como símbolos protectores.

2.9. OS RAMOS DE FLORES.

Trátase dunha ofrenda moi peculiar en case todos os santuarios. O día ou días da conmemoración festiva da advocación mariana, do Cristo, Ecce Homo, ou Santo correspondente, a comunidade onde se ubica o santuario orna o altar e a imaxe específica de veneración con flores. Ademais hai devotas, que realizan esta ofrenda preferentemente a algunha advocación mariana, para que as protexa en certos eventos da súa vida: casamento, ter fillos sans. Así mesmo nalgúns santuarios, como o da Nosa Señora de Montserrat (Monforte de Lemos) é unha ofrenda moi específica para os devotos da comarca do Val de Lemos, xa que todos os anos se fai na esplanada do recinto sacro un gran manto da Virxe con ramos de flores.



“SAN ANDRESIÑOS” POLICROMADOS

Por outra banda, na actualidade segue sendo un ofrecemento moi común – aínda que non exclusivo- que adoita poñerse no lugar no que ocorreu unha traxedia, provocada por un accidente; asesinato; atentado. De aí que ese espazo se convirta en algo sacro mentres a lembranza dese acto funesto sega presente.

8. DIMENSIÓN PROFANA DO SANTUARIO.

Antano o festexo profano, reflectido na música e no baile, estaba amenizado pola banda de música de Santa Marta ata que esta foise desintegrando. Logo,



tal labor recaeu na banda de música de Riotorto. Tanto unha coma a outra xantaban na “Casa

INICIANDO A “SESIÓN VERMU”

de Xoana” e, denantes de ir para o campo da festa, tocabanlle ás cociñeiras, dúas pezas musicais. Na actualidade, esta tarefa é encomendada a unha orquestra ou grupo musical.

III. OUTROS SANTUARIOS LUCENSES ADICADOS AO SAN BERNÁBE

BALEIRA

1. LOCALIZACIÓN.

O santuario, dende unha óptica eclesiástica, está situado no lugar do San Bernabé, pertencente á freguesía de Santiago de Martín, arciprestado de Luaces, diócese de Lugo. A efectos civís pertence á parroquia de Santiago de Martín, que forma parte do concello lucense de Baleira.

2. PECULIARIDADES ARTÍSTICAS DO RECINTO SACRO.



RITUAL DA FONTE

Trátase dunha capela, que amosa unha nave rectangular cunha cuberta de lousa a dúas augas. O presbiterio, tamén rectangular, e maior que a nave e mostra unha cuberta de lousa a catro augas. . Os muros que a delimitan son de cachotería e a fachada, que remata nun campanil sinxelo, presenta unha porta con lintel; tamen mostra na súa parte inferior un esmoleiro, que permite introducir a esmola a unha caixa, colocada no interior da capela. No seu interior, apreciamos as tallas de San Bernabé, San Pablo e San Pedro; tamén unha talla pequena do San Bernabé, de bicar, e outras dúas, tamén pequenas, situadas enriba dunha repisa de madeira, adherida ao muro lateral dereito.

3. TERRITORIO DE GRAZA E PEDIMENTOS.

O día 11 de xuño, festividade do San Bernabé, soen acudir devotos non só do concello de “Baleira”, senón tamén doutros concellos limítrofes como Castroverde, Ribeira de Piquín, Pol, A Fonsagrada, Meira, Neira de Jusa, Navia de Suarna, A Pontenova...Tamén acoden algúns das zonas máis noroccidentais de Asturias, como A Garganta e Os Oscos.

Os romeiros adoitan ofrecerse por doenzas humanas e de animais. Tamen acostuman vir por outros problemas de índole familiar e social.

4. RITUAIS E OFRENDAS.

Os devotos para acadar o pedimento, deben cumprimentar unha serie de rituais:

Oir unha das tres misas, que se ofician no santuario as 11, 12 e 13, 30; está última é concelebrada por tres cregos.

Participar na procesión, que se realiza ao rematar a misa solemne das 13, 30 horas; neste ritual interveñen os seguintes elementos: a cruz parroquial e o pendón da confraría; as imaxes do San Pedro, do San Pablo e do San Bernabé, levadas nas andas por devotos; os cregos concelebrantes ; e, como remate, os fieis colocados sen distinción de idade e sexo.



DEVOTAS LAVANDO OS SEUS OLLOS

“Poñer o Santo”; este ritual executao un fregués da parroquia, que da a bicar unha imaxe pequena do Santo; logo, pasaa por riba da cabeza dos devotos; e, finalmente, volve a dala a bicar; mentres leva a cabo o ritual, recita a seguinte xaculatoria: “ ***Cristo vivo, Cristo rei, por medio de San Bernabé, que che quite todo mal. Amén***”.

Levar a cabo o “ Ritual da Fonte”. Un bo número de devotos/as realizan un ritual de contacto coa auga da “ Fonte do Santo”, emprazada moi preto do recinto sacro. Este ritual consta de dúas partes:

1ª. Os devotos, que acoden á fonte, lavan cuns panos aquelas partes dos seus corpos doentes: ollos, mans, pernas. A auga ten unha función ambivalente, xa que implica morte – enfermidade- e rexeneración – saúde-.

2ª. Logo, penduran os panos nas ramas dunhas árbores, que hai a carón da fonte, habendo a crenza de que axiña que os panos vaian podrecendo as doenzas das persoas irán desaparecendo. Esta segunda fase do ritual simboliza a expulsión do estado de enfermidade e polo tanto a paulatina recuperación do estado de saúde



Ademais, os fieis levan a cabo unha serie de ofrendas: custean misas na honra do santo – unhas 45 -, que serán oficiadas polo párroco no transcurso do ano. Deixan diñeiro no intre de poñer o santo nunha bandexa ou boeta, que se encontra ao carón do poñente; tamén nos esmoleiros , que hai no interior da igrexa, e no momento de oír unha das misas, que se celebran no santuario. Traen “velóns” , que colocan nun moble rectangular, adosado á parte superior do muro lateral dereito; estes adoitan estar acesos no interior da igrexa ata que rematan os diferentes oficios relixiosos. Tamén ofrecen figuras de cera, que simbolizan a unha serie de

PENDURANDO OS PANOS DUNHA RAMAS.

animais: cochos e vacas, así como ao corpo humano, enteiro ou nalgunha das súas partes: brazos, pernas, pés etc; esta ofrenda encontrase pendurada nuns ganchos, colocados na parte superior do muro lateral esquerdo, de onde os devotos poden collela mediante o previo pago dunha esmola por cada figura, e oír unha misa.

CASTROVERDE.

1. UBICACIÓN.

Dende unha perspectiva eclesiástica, o Santuario está emprazado na freguesia de Santa María Madalena de Goi, integrada no arciprestado de Maestrescolía, e na diocese de Lugo. A efectos civís, forma parte da parroquia de Santa María Madanela de Goi, e do concello lucense de Castroverde..

2. TRAZOS ARTÍSTICOS.

Trátase dunha igrexa parroquial sinxela ubicada nun castro ao Suroeste da entidade de poboación. Ao seu carón hai vestixios de varios sarteiros. Este recinto sacro presenta unha nave rectangular con cuberta a dúas augas; un presbiterio, tamén rectangular e algo máis elevado e sainte; e unha sancristía na parte posterior. No seu interior, apreciamos as seguintes esculturas: Santa María Madanela; San Antonio; San Roque; Santo Anxo; Inmaculada; San Bernabé; dúas imaxes pequenas de San Bernabé, de bicar, e San Ramón ⁶⁹. A imaxe de San Bernabé, amosa na súa iconografía “algúns pedras na súa man esquerda”, reflectindo deste xeito a lapidación do santo.

3. RITUAIS E OFRENDAS.

Algúns fregueses da contorna acoden o día do San Bernabé á misa das 13,30 horas, que é oficiada polo párroco da freguesía.

Logo, participan na procesión, que sae por diante da igrexa, percorrendo un curto espazo de forma ovalada. Nela toman parte as imaxes de Santa



RITUAL DE “POÑER O SANTO” (BALEIRA)

María Madanela, patroa da freguesía; unha advocación mariana da Inmaculada; unha imaxe do San Bernabé; o crego oficiante da misa; e os devotos, colocados sen distinción de idade e sexo; as dúas primeiras imaxes, son levadas nas andas por mulleres, mentres que a do San Bernabé por homes.

Posteriormente, hai devotos que acoden ao interior do recinto sacro pra que lles “poñan o Santo”. Desta tarefa encargase un rapaz da freguesía, que utiliza unha pequena imaxe do San Bernabé, que aplica ao devoto do seguinte xeito: primeiro pola parte das costas da cabeza; logo, ombro esquerdo, e, finalmente o dereito. Ao mesmo tempo, recita a seguinte xaculatoria: “ *Cristo vive / Cristo reina / S. Bernabé te libre de todos los males. Amén*”. Este ritual realízase ben denantes da misa ou ao rematar esta.

⁶⁹ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura, T. III, 1980, paxs. 204-206.

O CORGO

1. LOCALIZACIÓN.

A efectos eclesiásticos, Castrillón, era, hai anos, unha freguesía anexa de Santa María de Franqueán. Na actualidade, a freguesía foi suprimida, pertencendo o seu ámbito territorial a freguesía de Santiago de Gomeán, arciprestado do Picato, provincia e diócese de Lugo. A efectos civís Castrillón é unha parroquia, pertencente ao concello de “O Corgo”, provincia de Lugo

2. TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

O santuario é unha igrexa románica, que ocupa a parte norte do castro. Amona unha nave a dúas augas, elevada, sobre unha armadura de madeira cuberta de lousa. Tanto os muros laterais como a ábsida, que é semicircular e máis baixa e reducida que a nave, están coroados por saíntes e sólidos canzorros, que sosteñen unha forte cornisa. Ademais este recinto sagrado posúe unha portada cun arco de medio punto sen imposta e decoración. No seu interior varios retablos amosan talles do século XVI:



DEVOTA OFRECENDO “EXVOTOS DE CERA”

A do Salvador, de pé e cunha bóla do universo; a do San Bernabé, cunha capa e libro; a da Inmaculada, cunha peaña de nimbo e un dragón aos seus pés; e a do San Antonio⁷⁰.

3. TERRITORIO DE GRAZA E PEDIMENTOS.

⁷⁰ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Servicio de publicaciones M.E.C.. T. II. Madrid, 1975, páxs. 92-94.

O día da conmemoración festiva, adoitan acudir devotos non só do concello de “O Corgo”, senón tamén doutros concellos limítrofes como Castroverde, O Páramo, Láncara, Portomarín, Neira de Jusá, Guntín, e mesmo Lugo.

As peticións máis usuais que realizan son por doenzas humanas e de animais. Non obstante, tamén levan a cabo pedimentos ligados coa crise da facenda propia ou outros problemas de índole familiar e social.

4. RITUAIS E OFRENDAS.

Os fregueses para obter o favor da entidade sagrada deben realizar unha serie de rituais e ofrendas.

Así, algúns deles dan unha ou máis voltas ao redor do santuario case sempre de pé. Nas súas mans poden levar de ofrenda figuras de cera, que representan ao corpo humano, enteiro ou partes do mesmo: pernas, brazos, pés, así como figuras de animais: cochos, vacas, eguas.

Logo, oen unha das misas, que o párroco da freguesía á que pertence o santuario oficia ao longo da mañá, mediodía, e primeiras horas da tarde.

Posteriormente, ao rematar a misa solemne, participan na procesión, que percorre o campo da festa e logo o perímetro do santuario. Na procesión interveñen os seguintes elementos: a cruz e o pendón parroquial, levados por fregueses da comunidade parroquial; a imaxe da Inmaculada, portada nas andas por catro



A PROCESIÓN PERCORRE O “CAMPO DA FESTA”

mulleres da freguesía; as imaxes do San Antonio, O Salvador, e San Bernabé, levadas nas andas cadanseu por catro homes da freguesía; o crego concelebrante; algúns músicos da orquestra, que van tocando unha marcha procesional; e os asistentes ao ritual, colocados sen distinción de idade e sexo.

Por outra banda, os devotos no transcurso da mañá e primeiras horas da tarde realizan unha serie de rituais de contacto: así, hai devotos que tocan coas súas mans, panos e outros obxectos a imaxe do San Bernabé e, logo, pasanos polas partes doentes

dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa. Tamén acoden a “imposición do Santo”, ritual que leva a cabo un fregués da comunidade parroquial; este consiste en realizar cunha imaxe pequena do santo, unha cruz por riba da cabeza dos devotos, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria: “*Cristo vive, Cristo reina, San Bernabé te libre de todo mal. Amén*”.

Ademais, os fieis levan a cabo unha serie de ofrendas: sufragan misas na honra do santo, que serán oficiadas polo párroco no transcurso do ano. Deixan diñeiro no intre de poñer o santo nunha bandexa ou boeta, que se encontra ao carón do poñente; tamén nos esmoleiros, que hai no interior da igrexa, e no momento de oír unha das misas, que se celebran no santuario. Aportan “velóns normais” ou máis pequenos, que colocan ao carón das imaxes do San Bernabé; os “velóns normais” valen cinco euros e os pequenos tres; estes adoitan estar acesos no interior da igrexa ata que rematan os diferentes oficios relixiosos. Tamén ofrecen figuras de cera, que simbolizan a unha serie de animais: cochos e vacas, así como ao corpo humano, enteiro ou nalgunha das súas partes:



ICONOGRAFÍA DO SANTO

brazos, pernas, pés etc. Esta ofrenda encontrase nunha mesa alongada, situada no lado esquerdo da igrexa, de onde os devotos poden recollela mediante o previo pago de cinco euros por cada figura.

5. EXPRESIÓNS POPULARES.

A devoción ao San Bernabé quedou reflectida na contorna deste santuario nunha serie de ditos e manifestacións verbais de índole popular.

“San Bernabé queridiño dame sorte na vida, e xa che bicarei o fuciño”.

“San Bernabé bendito sempre che estou adorando, para que co paso da vida sempre me sigas amparando”.

A FONSAGRADA

1. EMPRAZAMENTO.

A efectos eclesiásticos, está situado no lugar de Chaín, pertencente a freguesía de San Xoán de Paradavella, que forma parte do arciprestado de A Fonsagrada, e da diócese de Lugo.

2. CARACTERÍSTICAS ARTÍSTICAS.

Trátase dunha capela, isolada da entidade de poboación, que presenta un portico sobre prolongación dos muros laterais; un lintel corrido; reixas de madeira; e un pavimento de lousa. No seu interior, podemos distinguir as seguintes tallas: unha primitiva do San Bernabé, do século XV; San Sebastián; San Bartolomeu; e San Isidro ⁷¹.



DEVOTA OFRECENDO “EXVOTOS DE CERA” EN BALEIRA

3. RITUAIS E OFRENDAS.

Na actualidade párroco de Paradavella oficia unha misa ás 13, 30 horas. Logo, algúns devotos sacan á imaxe do San Bernabé en procesión o redor da capela.

⁷¹ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura, 1983, páxs. 46 e 47.

IV. CONSIDERACIÓN ANTROPOLÓGICAS SOBRE OS DEVANDITOS SANTUARIOS.

O nivel de asistencia aos santuarios depende da sona, que tivesen estes na contorna e máis alá. Polo tanto, sen milagres non hai posibilidade de crear devoción. Estes constitúen a manifestación do poder da imaxe, que - segundo a liturxia oficialista- actúa como mediadora perante Deus, chegando a posuír todo o ser poder sobrenatural. Non embargantes - segundo os canons da devoción popular- as diferentes imaxes sacras, que simbolizan ao San Bernabé teñen un poder inherente a elas mesmas. As imaxes – segundo *Joan Prat*- son as que gozan de gracia, virtude e favor. De aí, que os devotos teñan con elas un importante código comunicativo, baseado en signos lingüísticos e corporais, encamiñados a acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento por un favor outorgado. Mais tal favor hai que o relacionar co grao de protección ás estruturas dun intercambio igualitario, o que implica “*dar para que me deas*”. Por iso os devotos ademais dos rituais realizados deixan unha serie de ofrendas para satisfacer a súa parte no acordo co Santo.

Por outra banda, a dimensión sacra transmitese ao exterior por medio da procesión, tanto colectiva como individual. A nivel colectivo, a procesión é un ritual relixioso que ten como finalidade expresar pública e colectivamente un culto, un diálogo coa entidade sacra correspondente. Utiliza normalmente un espazo fora do templo que pasa a ser un soporte para esa hierofanía, para esa manifestación relixiosa. Polo tanto, ás rúas, as prazas, e calquera espazo de



RITUAL DA PROCESIÓN .S. BERNABÉ (MEILÁN)

acollida do ritual recibe unha reinterpretación con posibilidade de valores de sacralidade. A nivel individual – propia de Meilán (Riotorto) e Castrillón (O Corgo), os devotos ben dunha maneira senlleira o nun pequeno grupo familiar ou de amigos tamén establecen unha comunicación co sagrado por medio do recollemento, que manteñen no seu percorrido polo perímetro do recinto sacro, portando nas súas máns símbolos relixiosos: imaxes pequenas do Santo, candeas, e mesmo exvotos de cera.

Esta dimensión sagrada tamén se exterioriza por medio dalgún elemento natural, como a auga, que nestes intres so se emprega no San Bernabé de Martín (Baleira). O rito de beber auga na fonte do santo, ou recollela en botellas para levala a casa, simboliza para os devotos a morte da enfermidade e a rexeneración da saúde, segundo a opinión exposta por *Fidalgo Santamariña*: “ *El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado, pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento*”. Ademais, o costume de mollaren panos para tocar con eles as feridas ou partes doentes do corpo, deixándoos pendurados duns ramallos ao carón da fonte, para agardaren así que a doenza desapareza conforme os panos vaian podrecendo, ten o seu fundamento nun arremedo do que o devoto pretende acadar. O proceso de descomposición da prenda indicaría a extinción paulatina do mal, e o conseqüente restablecemento da saúde. Cumprírase, así, a observación feita xa a finais do século XIX por *Frazer* de que moitos rituais populares lembren á maxia imitativa, é dicir, a idea de que os procesos sufridos por unha cousa causan efecto nos males que se desexa vencer ou dito doutra maneira que os ritos consisten con frecuencia nunha imitación dos efectos que a xente desexa producir.

Finalmente nalgúns santuarios – Meilán (Riotorto), Castrillón (O Corgo)- ademais da dimensión sacra hai unha dimensión lúdica, na que mentres o baile, o canto e maila música desencadenan emocións, a bebida e a comida facilitan a comunicación. Estes trazos levanos a apreciar como nesta dimensión hai un tránsito do cotiá a situacións onde poden ter lugar a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes.

V. CONCLUSIÓN XERAIS.

Por outra banda, as expresións relixiosas ligadas ós santuarios podemos consideralas en estancamento e, tamén, en declive dependendo do “territorio de gracia” ou influencia da súa imaxe sagrada. Así, os santuarios que abranguen unha influencia comarcal, provincial, supraprovincial,... adoitan manter unha constante na súa devoción e, polo tanto, nos seus rituais e ofrendas. É o caso, entre outros, dos santuarios marianos do Faro



CHAMADA A MISA. TOQUE DA CAMPÁ

(Chantada), do Cebreiro (Pedrafita), de Saavedra (Begonte), do Alto do Cesar (Sarria) ...; do Cristo de Goián (Sarria); do San Cosme (Galgao-Abadín)... Pola contra, os santuarios de influencia local, municipal, e nalgúns casos mesmo comarcal foron experimentando nos últimos lustros un declive, moi ostensible nalgúns recintos sacros, con respecto á concurrencia de devotos e, polo tanto, a súa práctica ritualística. Este descenso debeuse a unha serie de causas:

1ª. As migracións foron producindo co tempo un desarraigo do contexto social da comunidade local.

2ª. Os medios de comunicación social foron introducindo novas visións relixiosas e seculares do mundo.

3ª. O desenvolvemento tecnolóxico ligado á medicina e á veterinaria ocasionou que houbera unha diminución de rogacións relacionadas coas doenzas humanas e animais.



4ª. O aumento do nivel cultural nas comunidades rurais por o desenvolvemento dos medios de ensino motivou que certas prácticas relixiosas tivesen unha menor repercusión, ó ser analizadas dende unha perspectiva diferente.

5ª. A influencia dalgúns cregos, encargados de santuarios, que foron e van afastando certos ritos e ofrendas por consideralos pouco edificantes para o cristián polo seu carácter máxico e supersticioso.

POXA DUN LACÓN NO SAN BERNABÉ DE MEILÁN (RIOTORTO).

6ª. A falta de cregos e a introducción de unidades pastorais nos medios rurais, que ocasionou unha nova planificación e regulamentación de cara ás parroquias, reflectida nun menor número de servizos relixiosos. Isto ía influir negativamente na operatividade dalgúns santuarios principalmente daqueles que tiñan un territorio de gracia local ou municipal.

Malia estes motivos, que poden ir causando un declive continuado na práctica cotiá destes recintos sacros, cómpre facer mención tamén á existencia dun aumento de problemas de índole individual e social, relacionados non só coas doenzas –humanas e animais- e coa facenda familiar, senón tamén con lacras sociais, como a droga e o paro. Isto vai motivar que unha das vías de resolución destes problemas sexa a través destes espazos sagrados. Neles segue habendo rituais de carácter purificador: vir andando

dende o lugar de orixe dos devotos; circunvalar o santuario, de xeonllos ou descalzos; circunvalar á imaxe de devoción, de xeonllos... Rituais de contacto: os devotos seguen contactando co sagrado por medios dos rituais de poñer o santo e o de contacto coa imaxe estática; ámbolos dous teñen como finalidade bicar e tocar as imaxes de devoción



EXVOTOS DE TERRACOTA DOS SANTUARIOS ITÁLICOS

coas mans e cos panos, que quedan sacralizados no seu contacto, usándose logo con fins profilácticos e curativos perante as doenzas humanas. Rituais ligados coa procesión, que percorre normalmente o perímetro do santuario ou circunvala un cruceiro, santificando todo o contorno. Finalmente, segue habendo unha variedade de ofrendas: esmola en metálico, misas, figuras de cera, velas da mesma altura que a do ofrendante; ramos de flores...

PROMESAS REALIZADAS NOS SANTUARIOS ADICADOS AO SAN BERNABÉ						
LITURXIA OFICIALISTA		MEILÁN (RIOTORTO)	MARTÍN (BALEIRA)	CASTRILLÓN (O CORGO)	GOI (CASTROVERDE)	CHAÍN (A FONSAGRADA)
	MISAS	*	*	*		
RITUAIS	MISA				*	*
	PROCESIÓN	*	*	*	*	*
	ESMOLAS	*	*	*	*	*
OFRENDAS						
LITURXIA POPULAR						
	“POÑER O SANTO	*	*	*	*	
RITUAIS	CIRCUMVALACIÓN	*		*		
	PASAR PANOS POLA IMAXE		*	*		
	RITUAL DA FONTE		*			
	VELÓNS	*	*	*		
OFRENDAS	EXVOTOS DE CERA	*	*	*		
	ESPECIE	*				

BIBLIOGRAFÍA

ABRAIRA PÉREZ, Miguel.: *Historia dos mazos de Riotorto: píntese e novos datos*, Riotorto: Asociación Cultural Arrincadeira, Deputación de Lugo, 2013.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La Religiosidad popular*. Cuadernos B.A.C. , Madrid, 1981.

BASURKO, Xavier.: “ Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P. Vasco. Vitoria, 1982.

BLANCO PRADO, J.M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991, páx.70.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. “La devoción popular en el Santuario de la Ermita (Quiroga)”, en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994.

BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

BOROBIO, Dionisio.: “*Religiosidad popular en la renovación litúrgica. Criterios para unha valoración*”. Phasen 89, Barcelona, 1975, páx. 347.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago: Archidiócesis de Santiago, 1982..

EQUIPO “IR INDO”. GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLEDA, Ángel e outros. *Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira*, nº 25, Vigo: Ir Indo, 2005.

FIDALGO SANTAMARIÑA, J.A.: *Antropología de una parroquia rural*. Ourense: Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropología Social, Serie Galicia Campesíña. 1. Caja Rural de Orense, 1988.

FUENTES ALENDE, Xosé e BOELL, Denis-Michel.: “ Exvotos Mariñeiros en Bretaña e Galicia”, “ Ex – voto Marins en Bretagne et Galice”, en *Carrefour des Regions d 'Euroe*, Ouest Frances, 1987.

FUENTES ALENDE, Xosé.: “Exvotos en Galicia en Galicia en el Siglo XIX”, en *Galicia. Terra única. O Século XIX. Pontevedra*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Comunicación Social, Pontevedra, 1997.

FRAGUAS, Antonio.: Palabra “EXVOTO”, *G.E.G.* (Gran Enciclopedia Gallega).T. 11, Santiago de Compostela, 1984.

FRAGUAS, Antonio. *Romarías e Santuarios*, Vigo: Ed. Galaxia. Biblioteca Básica da Cultura Galega, 1988.

FRAZER, J.G.: *La rama dorada*, México: Fondo de Cultura Económica, 1969.

GARCÍA ROMÁN, Carolina y MARTÍN SORIA, María Teresa.: “ Religiosidad popular: exvotos, donaciones y subastas”, en *La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías y Santuarios*. Coords. ÁLVAREZ SANTALO, C.; BUXO, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S., Anthoropos, Barcelona, 1989.

GONZÁLEZ PAZ, Carlos Andres.: “ El Castillo de Peñaflo (Riotorto-Lugo). Iglesia y Nobleza en la Mariña Lucense a finales de la Edad Media”, en *BMP (Boletín do Museo Provincial de Lugo)*, Lugo, 2003.

GONDAR PORTASANY, Marcial: “Racionalidad campesina y Relativismo cultural”, en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

GUERRA MOSQUERA, Jesús.: *El Coro de la Catedral de Lugo. Su santoral e iconografía*, Lugo: Diputación Provincial, 2001, páx. 81.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980..

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978.

MADOZ, Pascual.: *Diccionario Geográfico y Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo XI. Madrid, 1848.

MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, 206, 1986.

MALDONADO, Luís.- " PARA COMPRENDER EL CATOLICISMO POPULAR". COFRADIAS Y HERMANDADES. Ed. Verbo Divino. Estella (Navarra). 1990.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987.

MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón.: “ Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol*. Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol y Publicaciones de Caixa Galicia, t.2..

MOREIRAS SANTISO, Xosé. “A relixiosidade popular no sector rural”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978.

PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad popular, III. Hermandades, Romerías, Santuarios*. Anthopos, Barcelona, 1989, páx. 227.

RIELO CARBALLO, Nicanor.: “ Meilán, Santa Marta de ”, *en G.E.G. (Gran Enciclopedia Galega)*, T. 20.

RISCO, Vicente: “Etnografía. Cultura Espiritual”, *en Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo. T. I, 1979.

ROMÁN DÍAZ, Berta.: “ Riotorto”, *en Galicia, pueblo a pueblo*, La Voz de Galicia, Xunta de Galicia, A Coruña, 1993, páx. 1237.

SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: “ Lembrando á historia. Algunha presenza dos cruceiros, cristos, cruces, esmoleiros, calvarios, vía crucis...no concello de Riotorto”, en III Xonadas da Historia de Riotorto. Asociación Cultural Arrincadeira, Deputación de Lugo, Cultura e Turismo, 2013.

SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura, t. IV, Madrid, 1980..

TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Ed. Galaxia, 1972.

TOSCHI, P.: “*Guida allo Studio delle tradizioni popolari*”. Serie di Antropología, etnología e religione. Boringheri. Torino, 1974, páx. 24..

VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura, 1983.

VARELA AENLLE, Carlos Xesús.: *Riotorto. Guía do Concello*, Lugo: Servicio de Publicaciones Diputación Provincial, 2003.

WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr.: “ De los Santos a María. Panorama de la devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días”, *en Temas de Antropología española*. Ed. de Carmelo Lisón Tolosana. Akal, 1976.

CHRISTIAN, JR, William A.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126

